# CONSIDERACIÓNS DA UDC AO "ANTEPROXECTO DE LEI DE PROTECCIÓN DA SAÚDE DAS PERSOAS MENORES E PREVENCIÓN DAS CONDUTAS ADICTIVAS"

## CONSIDERACIÓNS XERAIS

- Faise unha valoración positiva en xeral do establecido no anteproxecto da lei.
- Asemade en liñas xerais, considerase o seguinte:

a) Céntranse máis nas adiccións químicas e menos nas comportamentais (entre outras as dixitais): falta clarificación conceptual da terminoloxía correspondente, así como abordaxe terapéutico nas últimas.

b) Quizais poderían profundar na inclusión de colectivos de menores vulnerables.

c) Non observamos un desenvolvemento en profundidade en recursos humanos, equipos inter-disciplinares, perfís profesionais, etc.... e tampouco en orzamentos económicos, todos eles que garantan a viabilidade da lei.

d) Non obxectivamos, polo menos claramente, artigos con estratexias de fomento da calidade (indicadores, informes, etc.).

e) Unha lei que finaliza, certamente, con infraccións e sancións moi detalladas e cunha abordaxe quizais menos significativo en alfabetización e educación para a saúde.

## CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

### Artigo 3. Principios reitores da lei

Considérase incluír neste apartado mención a equidade e a atención preferente ás persoas menores en situación de vulnerabilidade, en risco de exclusión ou con problemas de saúde mental.

### Artigo 4. Definicións

Proponse que neste artigo se recollan as definicións do uso problemáticos de tecnoloxías dixitais, videoxogos ou redes sociais baseadas en clasificacións internacionais. Definir uso intensivo, uso problemático e adicción.

### Artigo 12. Ambitos prioritarios de prevención

No apartado 2, engadir aspectos relativos as obrigas concretas de administración para que a promoción dos programas educativos sexan desde idade temperá, con enfoque de habilidades para a vida, e garantir a formación de familias, sociedade, profesorado e persoal sanitario, empresas relacionadas e colectivos vulnerables.

**Artigo 13. A prevención no ámbito familiar**

Considérase a posibilidade de incluir, entre os criterios para ter en conta nos programas etc... de prevención no ambito familiar, os seguintes:

- Establecer medidas de apoio a parentalidade positiva
- Garantir oferta pública e gratuita de formación para familias en prevención saúde emocional e uso responsable das TIC.
- Ofertar e promocionar **actividades de lecer conxunto** no ámbito familiar, garantindo o acceso a todas as familias mediante programas específicos, como medida preventiva para fortalecer vínculos afectivos, mellorar a comunicación e retrasar o inicio do consumo de sustancias.

**Artigo 14. A prevención no ámbito educativo**

Entres os aspectos a ter en conta na prevención o ámbito educativo considérase que no apartado a) referente a implicación da comunidade universitaria debería facerse enfase incluíndo " moi especialmente ao estudantado". Propónse tamén incorporar a **formación entre iguais** como estratexia preventiva, formando á mocidade para que sexan axentes de saúde, favorecendo a súa identificación coas mensaxes, reducindo resistencias e potenciando o liderado xuvenil como factor protector fronte ás adiccións.

No apartado g) Potenciar os programas de formación continuada específicos sobre adiccións , incorporar "e prevención de conductas adictivas"...

Propónse engadir como novos aspectos a ter en conta :

- Establecer programas de prevención integrados no currículo e implicar aos consellos escolares e ANPAs.
- I**ncorporar** profesionais da educación social con formación específica en prevención de adiccións e apoio emocional, permitindo unha intervención integral que **favoreza a** prevención primaria e secundaria, **mellore** o clima escolar e **potencie** a educaciónntegral do alumnado, garantindo unha **distribución equilibrada de roles** dentro do centro educativo.

**Artigo 15. A prevención no ámbito comunitario**

Propónse engadir no apartado h) **Involucrar** á mocidade na planificación de alternativas de lecer nocturno, **consultando** os seus intereses e necesidades para deseñar programas que realmente lles resulten atractivos. **Garantir** que as administracións locais **ofrezan** actividades gratuítas, igualitarias e accesibles durante as noites dos fins de semana, promovendo a diversión e o benestar de maneira segura, sen riscos asociados, e **fomentando** a participación activa da mocidade.

Consideráse a incorporación como criterios a considerar neste ámbito :

- Fomentar o apoio a programas comunitarios con finaciamento estable.
- Potenciar o papel de asociacións veciñais, culturais, xuvenís e deportivas como axentes preventivos.

**Artigo 17. A prevención no ámbito da hostalería e restauración**

No apartado 2 proponse engadir: Deseñar e promover eventos alternativos para a mocidade, organizados ou apoiados por establecementos de hostalería, baseados en modelos de ocio seguro e libre de alcohol. Incorporar unha **oferta destacada de bebidas non alcohólicas**, atractivas e accesibles, garantindo unha alternativa de consumo sen renunciar á socialización.

**Artigo 22. Criterios sobre publicidade, promoción e patrocinio de bebidas alcohólicas**

Considerase a posiblidade de engadir que *non se poderá realizar publicidade directa ou indirecta de alcohol en contidos destinados ou accesibles a menores (por exemplo, canles de influencers, videoxogos, retransmisión dixitais, entre outras).*

**Artigo 45. Medidas de información no ámbito sanitario**

Consideráse, en xeral, o escaso abordaxe das adiccións sen substancia para o seu desenvolvemento.

**Título VI A inspección**

Proponse a consideración de aspectos de coordinación instituciona e especialmente de dotación de recursos humanos e orzamentarios para garantir o cumprimento efectivo da lei.

**Capitulo II : Das sancións**

Propónsen as seguintes consideracións:

- Incorporar accións preventivas no territorio, estando presentes nos espazos que a mocidade frecuenta (lecer, festas, encontros culturais), ofrecendo información sobre riscos, autocuidado e convivencia. A actuación nestes lugares promovida polo grupo de iguais (a intervención se realiza entre persoas do mesmo grupo xeracional ou con experiencias similares), favorece a confianza, a identificación e unha comunicación máis horizontal, eficaz e sen prexuízos.
- Establecer alternativas formativas que permitan á mocidade reflexionar sobre os riscos e adquirir ferramentas para unha toma de decisións responsable, tendo en conta que as o acceso a información veraz e a promoción da responsabilidade individual e colectiva, resultan máis eficaces á hora de reducir os riscos asociados ao consumo e fomentan hábitos de vida saudables
- Abordar as sancións relacionadas co consumo de sustancias adaptándoas á realidade concreta das persoas implicadas, evitando respostas estandarizadas que estigmaticen condutas que non sempre implican adicción.

**Capitulo III: Procedemento sancionador**

En xeral considerase potenciar o enfoque educativo-preventivo como prioritario fronte as infraccións e sancións completa e intensamente desenvolvidas ( alfabetización en saúde e recursos formativos, incluendo a universidade).

A Coruña, 19 de mayo de 2025